

Informe da campaña educativa compostaxe doméstica



ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)



Introdución

Nos últimos tempos asistimos a un incremento dos problemas ambientais, que se traducen en diferentes agresións ao medio ambiente (contaminación das augas, dos solos e da atmosfera, perda de biodiversidade...), que hoxe están cobrando unha especial relevancia, pois mesmo ameazan a existencia da vida no planeta, como a entendemos.

Os residuos sólidos urbanos (R.S.U) son na sociedade actual un dos principais problemas medio ambientais xerados pola actividade humana. Descartes incómodos de difícil tratamento para uns, ou recursos potencialmente reciclábeis para outros. Os R.S.U. están compostos por materia orgánica, papel e cartón, vidro, plástico, metais, madeiras e outros descartes.

En Galiza recolléronse aprox un millón de toneladas de Residuos Sólido urbanos no 2019 (non hai dados oficiais). A taxa de reciclaxe na Galiza está en torno a un escaso 13%. O destino da maior parte dos residuos continua a ser un macrovertedoiro ou ben a incinerar. No concello de Allariz, coa implantación nestes 4 anos do Servizo Re, as taxas de separación xa acadan un 48%. A piques de cumprir os obxectivos da Directiva Marco.

Na xestión dos nosos residuos domésticos é necesario un cambio das costumes actuais. A imposición do estilo de vida urbano fixo que o volume de residuos fora aumentando notablemente nas últimas décadas. Traballar na redución e na correcta separación en orixe das distintas fraccións é tanto ou máis importante como a escolla do tratamento máis axeitado para a súa posterior xestión.

Estas obrigas, determinadas en diversas directivas e resolucións europeas contemplan a compostaxe, como prioridade na xerarquía de tratamento da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos.

A necesidade dun sistema regular de recollida de residuos inertes (papel, vidro, envases...), voluminosos e perigosos é incuestionable, pero tamén parece conveniente evitar que os residuos orgánicos entren nestas mesmas vías de recollida. Primeiro porque para unha xestión descentralizada dos mesmos, é necesaria (e mesmo imperativa por lei) a súa recollida separada en orixe. Segundo, porque na propia vivenda rural, e en calquera vivenda que conte cun pequeno xardín, danse condicións idóneas para o tratamento *in situ* destes residuos orgánicos, con inmejorables vantaxes ecolóxicas e económicas.

podemos observar, segundo a lexislación existente, que a xestión dos biorresiduos segue sendo un tema incómodo, que se permite máis non se estimula nin se fixa como prioridade inmediata.



A produción de compost a nivel doméstico, ou comunitario, preséntase como a solución máis ecolóxica, razoable e económica para os residuos orgánicos, combinada no seu caso coa alimentación animal. **Máis de 300.000 familias galegas de zonas rurais, semirurais e urbanas poden solucionar o problema dunha gran parte do lixo mediante a compostaxe caseira;** cos restos das podas e do xardín, os restos de comidas ou de vexetais pódese elaborar compost co que se completa o ciclo natural da materia orgánica e dos nutrientes, regresando estes á horta e ó xardín.

O programa de compostaxe caseira cumpre con todos os principios reitores do Plan nacional de residuos urbanos (PNRU) (Directiva Marco Europea) e especialmente cos de prevención e minimización, reutilización e reciclado, compostaxe, proximidade e concienciación cidadá. Así mesmo, esta opción sitúase no máis alto das diversas xerarquías de alternativas de xestión. No ámbito europeo e estatal, a compostaxe é, xuntamente coa reciclaxe, a opción de xestión de residuos que máis está a medrar.

Seguimento dos composteiros:

Os composteiros foron entregados nas respectivas vivendas, danto unha breve explicación sobre o correcto funcionamento e entrega do manual.

Unha vez instalado na vivenda foron visitados co obxecto de mellorar o proceso no caso de que fora necesario e resolver dúbidas.

Todos os composteiros entregados están funcionando correctamente excepto o de Lucia Tabares que solicitou a súa recollida por non ter espazo con terra na vivenda.

As principais incidencias foron:

Nalgunhas vivendas recomendouse engadir máis estruturante e remexer máis a miúdo para mellorar o resultado. Aínda así os usuarios non manifestaron incomodidade, utilizan igual o compost para a horta.

En dous casos usaron o composteiro para botar restos da matanza de polos. Estase descompoñendo correctamente.

Algún comentou que non botaba restos de comida cocida por medo aos cheiros, animouse a botala asegurando que se se facía ben non hai cheiros. Comezou a botala e de momento se problema. Mostrou incluso sorpresa.

Percepción dos e das participantes:

Preguntouse as persoas participantes, cal era a valoración do proxecto. En todos os casos respostaron que boa ou moi boa. Houbo dous casos no que comentaron que a parella era escéptica a usar o composteiro e como ao longo destes meses cambiaron a percepción.

Valoración da xestión de residuos no concello de Allariz

En xeral respostaron moi positivamente. As persoas usuarias dos composteiros nas zonas rurais botan en falta contedores amarelos para os envases. Son perfectamente conscientes que unha vez que comezan a usar os composteiros a maior parte dos residuos son envases e embalaxes. Nas charlas e visitas tamén aproveitamos para dar consellos e reducir a cantidade deste tipo de lixo e traballar no residuo cero.



Participación en xornadas e congresos

- IV foro labrego de agroecoloxía. Celebrado en Herbón o 16 e 17 de novembro
- IX seminario de Composta en Red. Formamos parte da Red. 17 18 de outubro en Valladolid

IV FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA
EMERXENCIA ALIMENTARIA
SOBERANÍA CLIMÁTICA
16 E 17 DE NOVIEMBRE DE 2019
PROGRAMA

16:00 AS POLÍTICAS PÚBLICAS SON FAVORABLES Á LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO?
Lidia Senra (ex Eurodeputada)
Perspectiva europea
Javier Alonso (Experto sector agroalimentario da COAG)

12:00 DESCANSO

12:30 QUE PODO FACER EU COMO CONSUMIDORA PARA LOITAR CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO? OUTROS CONSUMOS
Nán Rodríguez Lombardero (SLG e Rede de Detecemento)
Consumo energético
Xoán Doldán (profesora da USC e Vespereira de Nada)
Consumo de recursos para alimentar o consumo de tecnoloxía
Xosé Neira Seijo (Escola Politécnica de Lugo)
O consumo de auga atendendo aos modelos de produción
María R. Lafuente (Adega)
Aestión de residuos no Concello de Allariz

10:00 COMO AFECTA O CAMBIO CLIMÁTICO ÁS PRODUCCIÓN LABREGAS?
Xosé Veiras (Experto en cambio climático)
Isabel Vilalba (Sindicato Labrego Galego)
Pablo Meira (Grupo SEPA da Universidade de Santiago)

17:30 DESCANSO

18:00 E NÓS, COMO LABREGAS E CONSUMIDORAS, COMO PODEMOS ORGANIZARNOS?
Espazo de traballo grupal con Feltería Verde SCS

19:30 DESCANSO

20:30 MAGOSTO

14:30 XANTAR AGROECOLÓXICO

16:00 ESCENARIOS DE FUTURO
Nacho Jorganes (Verdegala)
Belén Rodríguez (Adega)
Extinction Rebellion

14:30 XANTAR COMPARTIDO
Santi Rodríguez (Tracción animal)
Antonio Carral e Alejandra González (Agricultura regenerativa)
Belén Fervenza (Horticultura e sementes)
Bernardo Estevez (Viticultura biodinámica)

DOMINGO 17 DE NOVIEMBRO

10:30 O NOSO MODELO DE CONSUMO PODE FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO?
Daniel Rodicio (Consumo de carne)
E se fallamos de modelos de produción?
Nanda Coullago (Amarante Setem)
Consumo KIBBI
Patricia Iglesias (Amig@s da Terra)
Alimentos quilométricos

18:00 PECHE

Organiza:



Colabora:



Financia:



Todas as actividades desenvolveranse no Convento Franciscano de Herbón (Padrón). Para participar é obrigatorio inscribirse en: bit.ly/FormularioIVForoAgroeco

Analíticas de compost

No 2019, analizáronse dúas mostras de compost no laboratorio da Universidade da Coruña. Os resultados están noutro aquívo.

Dossier fotográfico







